

ACTA DA 1ª SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE ABRIL DE 2018 DA CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO PARA O SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NA ZONA DEPORTIVA” (Incluída no Plan de Obras e Servizos-Plan Concellos 2017-Liña 1)

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial do Concello da Estrada, sendo as 10:45 horas, do día 26 de abril de 2018, reúnense os integrantes da Mesa de Contratación que se constitúe para proceder á apertura de plicas correspondentes ao contrato do subministro e instalación de “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NA ZONA DEPORTIVA”, que son:

PRESIDENTE: O Sr. Alcalde en funcións D. Juan Manuel Constenla Carbón.

VOGAIS:

- Dona María Jesusa Fernández Bascuas Secretaria acctal., Municipal
- Dona Rosa M.ª Méndez Aragunde, Interventora acctal., Municipal.
- D. Daniel Órrea Corral, Arquitecto Técnico Municipal
- D. Xosé Magariños Maceiras do BNG
- Dona Mar Blanco Casais de MOVETE
- Non asiste ningún representante do grupo municipal do PS de G-PSOE
- SECRETARIA DA MESA: Dna. María Josefa Martínez Barros, Administrativo adscrita ao Departamento de Secretaría.

Polo Presidenteponse en coñecemento da Mesa de que, tal e como consta no expediente de contratación, as empresas que presentaron a súa proposición dentro de prazo foron as seguintes:

- ENERFREE S.L.
- HALMAN ENERGIE S.L.
- MICRO LED LA MANCHA S.L.
- RICARSAT S.L.
- GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL S.L.
- INSTALACIONES ELÉCTRICAS TERCA S.L.
- JAVI LUZ ELECTRICIDAD S.L.
- S3 SYSTEMS & SOLUCIÓNS S.L.
- FERROVIAL SERVICIOS S.A.
- FORMATESA LALÍN S.L.
- TÉCNICAS ENERXÉTICAS INTEGRALES GALICIA S.L.
- TÉCNICAS EDIFICATIVAS INNOVADORAS S.L. (TEISA)
- CONSECYR S.L.
- ELVAN INSTALACIONES S.L.

A continuación procédese a apertura do sobre A (documentación administrativa), obténdose o seguinte resultado:

As empresas ENERFREE S.L., HALMAN ENERGIE S.L., MICRO LED LA MANCHA S.L., RICARSAT S.L., GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL S.L., INSTALACIONES ELÉCTRICAS TERCA S.L., JAVI LUZ ELECTRICIDAD S.L., S3 SYSTEMS & SOLUCIÓNS S.L., FERROVIAL SERVICIOS S.A., FORMATESA LALÍN S.L., TÉCNICAS ENERXÉTICAS INTEGRALES DE GALICIA S.L., CONSECYR S.L. e ELVAN INSTALACIONES S.L. presentan correctamente a declaración responsable que figura como Anexo I do PCAP, así como a declaración de empresas vinculadas, segundo se establece na cláusula 8, SOBRE A, do Prego Administrativo.

En canto á empresa TÉCNICAS EDIFICATIVAS INNOVADORAS S.L., presenta correctamente a declaración responsable, en aplicación do disposto no art. 146 do TRLCSP, na redacción dada polo artigo 44.4 da Lei 14/2013, de 27 de setembro de 2013, pero **NON PRESENTA** a declaración xurada respecto daquelas empresas coas que ten algún tipo de vinculación, tal e como se establecía na Cláusula 8, sobre A (documentación administrativa) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

A Mesa considerando que se trata dunha omisión enmendable, acorda por unanimidade requirir á empresa TÉCNICAS EDIFICATIVAS INNOVADORAS S.L., para que en caso de seguir interesada neste procedemento de contratación, aporte a referida documentación, concedéndolle un prazo de 3 días hábiles a contar dende a recepción deste requirimento. De non facelo así, procederase á súa exclusión definitiva do procedemento de contratación.

Unha vez transcorrido o prazo concedido, volverase a reunir a Mesa de Contratación, o cal será anunciado no Perfil do Contratante o día e a hora, na que se dará conta da situación do expediente en canto á subsanación de documentación por parte da citada empresa, e seguidamente procederase á apertura do sobre B "Oferta".

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado este acto sendo as once horas e trinta minutos do día do seu comezo.

O PRESIDENTE DA MESA,

A SECRETARIA DA MESA,

(documento asinado electrónicamente á marxe)

|